



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que este IGVS formalizou co Concello do Barco de Valdeorras o instrumento convencional arriba referido con un prazo de execución que abrangue desde a súa sinatura e rematará na data en que se produza a reposición efectiva das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da actuación de rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila.

O IGVS comprométese a financiar a actuación descrita anteriormente transferindo os fondos establecidos no convenio ao concello.

O concello asinante deste convenio deberá destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento, e a repoñer a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de oito (8) anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do convenio, mediante o ingreso dos importes previstos no mesmo.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

I.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

II.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de





2017, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 3 de xullo 2017 e, en virtude de resolución da Dirección Xeral do IGVS do 28 de setembro de 2017, acordouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria mediante sinatura electrónica.

